

VI. ANUNCIOS**A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA****PORTOS DE GALICIA**

ACORDO do 22 de xuño de 2026, da Zona Centro, polo que se somete a información pública a tramitación dunha concesión administrativa de ocupación de dominio público portuario para realizar a actividade de subministración de electricidade, no porto de Pontedeume (clave 12-10-25-C-1).

Está en trámite unha concesión administrativa a favor de Unión Fenosa Distribución, S.A. para a ocupación de dominio público portuario en Pontedeume, co fin de realizar a actividade de subministración de electricidade, de acordo coa resolución de inicio do trámite, asinada pola Presidencia de Portos de Galicia o 6.11.2025 e a acta de confrontación da ocupación, levantada pola Xefatura da Zona Centro o 18.11.2025, con base no documento técnico RBT rúa Cantón, núm. 2, Pontedeume, asinado o 30.1.2024, pola enxeñeira técnica industrial Susana Casais Pérez, colexiada núm. 2033.

O que se fai público para os efectos previstos no artigo 70 da Lei 6/2017, do 12 de decembro, de portos de Galicia (DOG núm. 236, do xoves 14 de decembro), para que as persoas e entidades interesadas poidan examinar o expediente e presentar por escrito as alegacións que consideren oportunas nas oficinas da Zona Centro, sitas na avenida do porto, núm. 5-1º, 15006 A Coruña, no prazo de vinte (20) días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación do presente anuncio no *Diario Oficial de Galicia*. A documentación está dispoñible na web www.portosdegalicia.com

A Coruña, 22 de xuño de 2026

Lorena Solana Barjacoba
Xefa da Zona Centro

CVE-DOG: iq33we86-pp80-umt0-wzp8-175gdep41op3

